

sector fitosanitario, en particular, os que se refiren ao establecemento de plans nacionais de control plurianuais. Por isto, o regulamento modifica a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, mediante a introdución dun novo artigo 27.bis, que recolle esta obriga.

Sen cuestionar o alcance xeral e o efecto directo que ten o artigo 59 do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, a transcendencia da aplicación do novo instrumento de control regulado nos artigos 41 a 44 do Regulamento ao sector fitosanitario, os denominados plans de control integrados de carácter plurianual, así como o principio de seguranza xurídica, fan necesario reflectir estes aspectos no noso ordenamento xurídico interno mediante a modificación do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de abril de 2006,

DISPÕÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

Engádesse un novo artigo 17 ao Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 17. *Plan nacional de control plurianual.*

O Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, en colaboración cos servizos aduaneiros da Axencia Estatal de Administración Tributaria e coas comunidades autónomas, elaborará un plan nacional plurianual de control fitosanitario de organismos nocivos para os vexetais e produtos vexetais axustado ao disposto nos artigos 41 a 44 do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao de súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DE XUSTIZA

8345 *REAL DECRETO 467/2006, do 21 de abril, polo que se regulan os depósitos e as consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores. («BOE» 113, do 12-5-2006.)*

O Real decreto 34/1988, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os pagamentos, depósitos e consignacións xudiciais, supuxo un importante avance respecto á regulación anterior: suprimiu a recepción material de diñeiro nos xulgados e tribunais, estableceu a obrigatoriedade dunha única entidade de crédito para prestar o servizo e fixou determinados parámetros de homoxeneización na xestión das contas. Non obstante, o tempo transcorrido, a experiencia acumulada durante este, a entrada en vigor da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial; da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, e, sobre todo, o progreso da tecnoloxía e o desenvolvemento da sociedade da información fan necesaria a elaboración dunha nova normativa que incorpore as técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na actividade administrativa, garantindo con iso a rapidez, a eficacia e a seguridade na prestación do servizo público e, en concreto, no relativo á xestión dos fondos dos depósitos e das consignacións xudiciais. A Sentenza do Tribunal Constitucional 50/2006, do 16 de febreiro, resolve a favor do Estado a titularidade da competencia para fixar as condicións e contratar o servizo de xestión das contas de depósitos e consignacións xudiciais, así como para ingresar os xuros xerados nas ditas contas.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación concedida ao Goberno pola disposición adicional segunda da Lei 19/1986, do 14 de maio, de reforma dos procedementos de execución hipotecaria, e sobre el emitiron cadanseu informe o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Consello Fiscal.

Consonte isto, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de abril de 2006,

DISPÕÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto a regulación dos depósitos e das consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores.

2. Tanto os depósitos coma as consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores son aqueles que, como tales, se constitúen á disposición dos órganos da Administración de xustiza no ámbito dos procesos xudiciais, tal e como se establece na disposición adicional segunda da Lei 19/1986, do 14 de maio, de reforma dos procedementos de execución hipotecaria. Para estes efectos, enténdese por:

a) Depósitos xudiciais:

Os que se constitúan en cumprimento de garantías, fianzas, caucións ou outros requisitos procesuais establecidos polas leis.

Os que se realicen como consecuencia da intervención, aprehensión ou incautación de moeda metálica, billetes de banco, cheques bancarios ou valores realizables, efectuadas polas forzas e corpos de seguridade, por Vixilancia Aduaneira ou por calquera outro funcionario público, póndoo á disposición da autoridade xudicial competente.

Calquera ingreso que se realice como consecuencia ou aseguranza do embargo de bens, e o das cantidades que se encontrasen durante a práctica das dilixencias xudiciais.

b) Consignacións xudiciais:

Aquelas que se realicen en execución voluntaria ou forzosa de títulos que leven aparelada unha execución.

As que sexan realizadas cunha finalidade liberatoria polo obrigado ao pagamento dunha cantidade, ou noutros supostos legalmente establecidos.

3. Os depósitos e as consignacións xudiciais regulados neste real decreto realizaranse mediante o ingreso de cantidades de moeda nacional ou divisa estranxeira convertible nunha «conta de depósitos e consignacións», cos requisitos establecidos no seu artigo 8.

4. Queda expresamente prohibida a utilización de contas distintas das previstas neste real decreto para o obxecto e o ámbito a que este fai referencia.

Artigo 2. Adxudicación do contrato de apertura e xestión das contas de depósitos e consignacións xudiciais.

1. O Ministerio de Xustiza designará a entidade de crédito en que se prestará o servizo de apertura e xestión das «contas de depósitos e consignacións xudiciais», previamente seleccionada de acordo co previsto no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xullo, nas normas regulamentarias ditadas en desenvolvemento desta e no disposto neste real decreto.

2. A forma de adxudicación do contrato de servizos será o concurso, que deberá ter en conta, en todo caso, as mellores condicións económicas e técnicas ofrecidas polos licitadores, así como a súa implantación territorial para o servizo da Administración de xustiza.

3. A entidade que preste os servizos bancarios deberá desenvolver, manter e pór á disposición do Ministerio de Xustiza a aplicación informática descrita neste real decreto, e cuxa propiedade será en todo caso do mencionado ministerio.

4. Os xuros que sexan liquidados pola entidade de crédito correspondente ás contas de depósitos e consignacións aboaráselle ao Tesouro Público na contía e da forma que se especifique no prego de bases do expediente do procedemento de contratación que se segue para a selección da entidade de crédito establecida no parágrafo primeiro do presente artigo, que respectará en todo caso os medios de pagamento determinados no artigo 110 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e de conformidade co artigo 70 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, ou as normas que a substitúan de ser o caso.

Artigo 3. Nomenclatura e autorización para dispor dos fondos.

1. As contas que regula este real decreto levarán o nome do órgano xudicial, fiscal ou do servizo común procesual en cuestión, ao cal se lle engadirá a denominación «conta de depósitos e consignacións» e nela levaranse a cabo os ingresos mencionados no artigo 1.

2. As contas de depósitos e consignacións poderán ser multidivisas, debendo permanecer diferenciados os

saldos existentes en moeda nacional e en divisas estranxeiras convertibles.

3. Consonte o disposto no artigo 459.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, o secretario xudicial, responsable directo do debido depósito nas institucións legais de cantas cantidades e valores, consignacións e fianzas se produzan, será a única persoa autorizada para dispor dos fondos existentes na conta de depósitos e consignacións, e estará obrigado ao cumprimento do establecido neste real decreto, de todas as normas que se diten no seu desenvolvemento, e das instrucións operativas que reciba verbo disto do Ministerio de Xustiza.

4. Así mesmo, poderán dispor dos fondos das contas de depósitos e consignacións os membros da carreira fiscal, nos supostos establecidos nas disposicións adicionais primeira e segunda deste real decreto, e os secretarios relatores na xurisdición militar, debendo cumprir coas normas establecidas no número anterior.

5. Correspóndelle ao Ministerio de Xustiza autorizar a apertura das contas de depósitos e consignacións, así como a súa cancelación e, de ser o caso, o seu cambio de denominación.

Artigo 4. Conta xeral e contas de expediente.

A conta de depósitos e consignacións de cada órgano será única e nela recolleranse os movementos e os saldos das distintas contas de expedientes xudiciais, integradas dentro daquela.

Para realizar operacións de ingreso ou disposición dos fondos será necesario actuar sobre unha conta de expediente.

Artigo 5. Xestión e control da conta de depósitos e consignacións.

1. Os secretarios xudiciais, e demais persoas autorizadas segundo o artigo 3.4 deste real decreto, xestionarán e efectuarán o control sobre a conta de depósitos e consignacións a través da aplicación informática de titularidade do Ministerio de Xustiza que este determine, a cal deberá ser validada polo Consello Xeral do Poder Xudicial e pola Fiscalía Xeral do Estado.

A aplicación disporá dos mecanismos adecuados de control e seguridade, sendo as medidas de seguridade que se deben implantar, con carácter mínimo, de nivel medio, segundo se prevé no artigo 4.2 do Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 994/1999, do 4 de xuño, e poderase incorporar por parte da entidade de crédito adxudicataria do contrato un nivel de seguridade maior segundo as condicións técnicas ofrecidas por esta no proceso de contratación. Deberá garantir a autenticidade, confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos datos, permitir a disposición de fondos mediante a expedición de ordes telemáticas de transferencia e/ou mandados de pagamento, así como proporcionar información sobre os movementos e saldos das contas.

Correspóndelle ao Ministerio de Xustiza o establecemento de perfís de acceso á información, o outorgamento de autorizacións de usuario aos distintos órganos e, de ser o caso, a comprobación do cumprimento das limitacións establecidas, así como a disposición dos diversos sistemas de incorporación, altas e baixas de usuarios. A aplicación terá perfís de acceso diferentes para os funcionarios especialmente designados polo secretario xudicial para prestaren a súa colaboración no uso desta.

2. Só nos casos de falta de medios informáticos adecuados ou imposibilidade técnica sobrevida se poderán emitir mandados de pagamento ou ordes de transferen-

cia de forma manual utilizando os impresos normalizados, e coidando nestes casos os secretarios xudiciais do control dos mandados ou ordes así emitidos.

3. As ordes de transferencia a contas xudiciais, xa sexa a outra conta de expediente do propio órgano ou a unha conta de distinto órgano, levaranse a cabo de forma electrónica e automática, mediante a aplicación informática. Tamén se operará deste xeito coas ordes de transferencia a contas bancarias non xudiciais.

Só as ordes de transferencia expedidas de forma manual necesitarán da súa entrega na oficina da entidade de crédito.

4. O libro de rexistro da conta obterase da propia aplicación informática.

5. O Ministerio de Xustiza poderá supervisar o estado das contas de depósitos e consignacións mediante a aplicación informática desenvolvida para o efecto pola entidade de crédito adxudicataria.

Artigo 6. *Subministración de información.*

1. Estableceranse os procedementos necesarios para que os órganos xudiciais ou, de ser o caso, o servizo común procesual de que se trate, a entidade de crédito, os depositantes e demais interesados teñan xustificación suficiente da realización dos ingresos e das disposicións de fondos da conta de depósitos e consignacións.

2. A entidade de crédito en que se preste o servizo de apertura e xestión das contas de depósitos e consignacións estará obrigada a facilitar a información que en relación con elas lle solicite tanto o Ministerio de Xustiza, para o exercicio das súas funcións de dirección e control das contas, como os secretarios xudiciais ou, de ser o caso, os servizos comúns procesuais, para a adecuada xestión das súas respectivas contas. Esta información será facilitada en soporte papel e/ou por medios telemáticos.

CAPÍTULO II

Operacións na conta de depósitos e consignacións

Artigo 7. *Recepción material e ocupación de diñeiro.*

Cando se reciba ou ocupe o depósito material de moeda metálica, billetes de banco, cheques bancarios ou valores realizables nas oficinas xudiciais, o secretario xudicial do órgano xudicial ou do servizo común procesual de que se trate ordenará o seu depósito, o mesmo día, na conta de depósitos e consignacións, ou, de non ser iso posible por producirse fóra das horas de apertura das oficinas bancarias, no primeiro día hábil seguinte.

Artigo 8. *Requisitos formais das operacións.*

1. Tanto as operacións de ingreso coma as de disposición dos fondos das contas de depósitos e consignacións poderán realizarse por medios electrónicos, informáticos, telemáticos ou de forma manual, e deberán utilizarse neste último caso os impresos normalizados oficiais de documento de ingreso, mandado de pagamento e transferencia a conta xudicial. Calquera medio empregado para operar coas contas deberá dispor das condicións de seguridade adecuadas e deberá contar coa aprobación do Ministerio de Xustiza.

2. En todas as operacións de ingreso ou transferencia a unha conta de depósitos e consignacións deberán constar sempre o órgano xudicial ou, de ser o caso, o servizo común procesual e, polo menos, os seguintes datos: nome ou razón social de quen realiza o ingreso e da persoa por conta de quen se realiza, número de identificación fiscal e domicilio do ordenante, cantidade da operación

reflectida en letras e cifras, concepto en que se realiza esta, data da operación e código completo da conta de expediente sobre a que se realiza esta.

3. Nas operacións de disposición de fondos desde unha conta de depósitos e consignacións, deberán constar polo menos os seguintes datos: nome ou razón social do beneficiario, cantidade da operación reflectida en letras e cifras, concepto en que se realiza esta, data da operación, código completo da conta de expediente sobre a que se realiza esta e, no caso de mandados de pagamento, prazo de presentación ao cobramento. O número de identificación fiscal do beneficiario deberá constar cando estea recollido ou así se desprenda do expediente xudicial.

4. Non se permite a emisión de mandados de pagamento ao portador, nin a realización de transferencias a contas non xudiciais das cales non conste a identidade do seu titular.

5. Os secretarios xudiciais e demais persoal da oficina xudicial informarán a quen deba realizar un ingreso nas contas de depósitos e consignacións dos requisitos necesarios para isto e, en todo caso, facilitaranlle o código completo da conta xeral e da conta de expediente en que se deba realizar aquel, así como a clave da entidade de crédito e a da sucursal na cal estea aberta a conta correspondente. Así mesmo, informarán do establecido no artigo 5.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

6. A entidade de crédito non dará curso a ningunha operación de ingreso ou disposición de fondos que non reúna os requisitos enumerados no número 2 deste artigo.

SECCIÓN 1.^a INGRESOS

Artigo 9. *Ingresos específicos sen existencia previa de expediente xudicial.*

1. Os ingresos que deban realizarse sen existencia previa dun expediente xudicial efectuaranse na conta de depósitos e consignacións do xulgado decano ou, de ser o caso, do servizo común procesual correspondente, na conta de expediente que para tal efecto indique o secretario xudicial ou demais persoal destas oficinas xudiciais e, en calquera caso, a entidade de crédito adxudicataria.

2. Se se tratase de ingresos previos ou coetáneos á presentación de demanda, ou escrito que inicie o expediente xudicial, xuntarase a estes escritos o xustificante de ingreso para que lle sexa reclamado polo secretario xudicial competente ao secretario do decanato ou, de ser o caso, do servizo común procesual correspondente, comunicándolle o código completo da conta expediente á cal deberá efectuar a transferencia.

Artigo 10. *Ingresos específicos na orde penal.*

1. Cando fosen intervidas cantidades polas forzas e corpos de seguridade, Vixilancia Aduaneira ou calquera outro funcionario público na práctica de dilixencias acordadas xudicialmente ou que obedezan á existencia dun procedemento xudicial previo, ingresaranse aquelas na conta de depósitos e consignacións do devandito xulgado ou, de ser o caso, do servizo común procesual correspondente.

2. Cando non exista constancia do xulgado competente, ingresaranse na conta de depósitos do xulgado decano ou, de ser o caso, na daquel que estea en funcións de garda, deixando como referencia o número de rexistro da actuación policial e o corpo ou policía actuante.

3. Unha vez que fosen incoadas as dilixencias xudiciais polo xulgado competente, serán transferidas polo secretario do xulgado decano ou, de ser o caso, do de

garda as cantidades ingresadas na conta destes no modo previsto no artigo anterior.

Artigo 11. *Ingresos específicos na orde social.*

Os depósitos e as consignacións que se realicen no ámbito da orde xurisdiccional social sen existencia previa dun procedemento incoado, ao abeiro do disposto no artigo 56.2 do Estatuto dos traballadores, ingresaranse na conta de depósitos e consignacións do xulgado decano ou naquela que sexa facilitada polo xulgado do social territorialmente competente. A persoa ou entidade consignante, inmediatamente despois de efectuada a consignación, deberá pór esta en coñecemento do xulgado do social, salvo que o fíxese con anterioridade.

SECCIÓN 2.^a DISPOSICIÓN DE FONDOS

Artigo 12. *Reintegros de cantidades: mandados de pagamento e transferencias a contas bancarias non xudiciais.*

1. O reintegro das cantidades realizarase mediante a expedición do mandado de pagamento a favor do beneficiario. O mandado de pagamento, que non será un documento compensable, deberá facerse efectivo mediante a súa presentación para o cobramento polo beneficiario na entidade de crédito adxudicataria, debidamente asinado e selado polo secretario xudicial.

2. Os mandados deberán ser presentados para o cobramento nun prazo de tres meses, que se contarán desde o día seguinte ao da data da súa emisión, sen excluír os días inhábiles, pero se o día do vencemento o for, entenderase que o mandado vence o primeiro día hábil seguinte.

No suposto de ter caducado o mandado por non presentalo para o cobramento no prazo sinalado, o beneficiario deste poderá solicitarlle ao secretario xudicial a expedición dun novo mandado suxeito a igual prazo de caducidade.

3. A entidade adxudicataria non fará efectivo o pagamento de ningún mandado caducado.

Nos supostos en que o mandado fose expedido por un importe superior ao saldo existente na conta de expediente no momento da súa presentación ao cobramento, pagarase ata o límite deste, e a entidade de crédito deberá informar desta situación o secretario xudicial.

4. O reintegro de cantidades tamén poderá facerse a través de transferencias a contas bancarias non xudiciais, sendo necesario que conste suficientemente no expediente xudicial o número de código de conta cliente ou número internacional de conta bancaria (IBAN) e a titularidade desta, que terá que incluír en todo caso a persoa ou a entidade que deba percibir a cantidade, a cal deberá ser informada do carácter público, en xeral, das actuacións xudiciais e de que o número facilitado por ela para este fin queda incorporado no expediente xudicial.

5. Naqueles supostos en que o beneficiario do reintegro de cantidade resida en distinto municipio a aquel en que estivese a sede do órgano emisor, o secretario xudicial utilizará a transferencia a conta bancaria non xudicial sempre que concorran os requisitos previstos no número anterior. Só no caso excepcional de non poder utilizar a transferencia a conta bancaria non xudicial se poderá dilixenciar a entrega do mandado de pagamento a través da entidade de crédito adxudicataria.

Artigo 13. *Transferencias ao Tesouro Público.*

1. O importe das multas e dos demais pagamentos que deban efectuarse a favor da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos ingresarase na

conta de depósitos e consignacións do órgano correspondente.

Os secretarios xudiciais, mediante unha orde de transferencia, ingresarán as cantidades referidas anteriormente na conta especial de ingresos ao Tesouro Público, «Multas e pagamentos a favor do Estado», que será única para todo o territorio nacional.

Do mesmo xeito procederase cando o titular renunciase expresamente á cantidade.

2. As cantidades que estean ingresadas nas contas de depósitos e consignacións e que fosen obxecto de comiso en aplicación do artigo 374 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, e do artigo 5 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, unha vez que gañase firmeza a sentenza na cal se decreta o seu comiso e a súa adxudicación definitiva ao Estado, serán transferidas polo secretario xudicial á conta especial de ingresos ao Tesouro Público «Comisos por delito de narcotráfico ou outros delitos relacionados», que será única para todo o territorio nacional.

3. A entidade de crédito adxudicataria do servizo faralle efectivo o ingreso ao Tesouro Público das cantidades destas contas especiais coa periodicidade determinada no prego de bases do procedemento de contratación que se segue para a súa selección.

4. O Ministerio de Xustiza terá coñecemento destes ingresos a través da aplicación informática desenvolvida pola entidade de crédito adxudicataria do contrato.

Artigo 14. *Transferencias á conta de fondos provisionalmente abandonados.*

1. Os secretarios xudiciais ingresarán, mediante unha orde de transferencia á conta especial «Fondos provisionalmente abandonados»:

a) As cantidades que non puidesen serlles entregadas aos seus destinatarios, logo de utilizar os medios oportunos para a investigación do seu domicilio ou da súa residencia.

b) As cantidades correspondentes a mandados de pagamento entregados e non presentados para o cobramento polos seus beneficiarios.

Esta conta especial será única para todo o territorio nacional.

2. O prazo para proceder a transferir os referidos fondos será dun ano, que se contará desde a data do requirimento nas formas legalmente previstas ou desde a data de emisión do mandado.

3. O secretario xudicial estará obrigado a indicar, no momento de ordenar a transferencia a esta conta, a data desde a cal os fondos estean á disposición do interesado, ou aquela en que o interesado practicase algunha xestión que implique o exercicio do seu dereito sobre a cantidade se esta fose posterior, e isto co obxecto de cumprir co establecido no artigo 18 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, ou norma que o substitúa.

4. Se o beneficiario reclamase antes do prazo establecido no artigo 18 da Lei 33/2003, o secretario xudicial reintegrará a cantidade, mediante unha orde de transferencia, á conta de expediente correspondente, e actuará seguidamente segundo o preceptuado no artigo 12.

5. Se o beneficiario da cantidade ingresada nesta conta renunciase expresamente a ela, o secretario xudicial reintegraráa, mediante unha orde de transferencia, á conta de expediente correspondente, e actuará seguidamente segundo o preceptuado no artigo 13.1.

6. Transcorrido o prazo para que os fondos desta conta se consideren abandonados polos seus titulares, o Ministerio de Xustiza ordenará o seu ingreso no Tesouro

Público, co previo anuncio de prescrición de depósitos a favor do Estado, o cal terá o carácter de resolución de inserción obrigatoria, para os efectos do disposto no artigo 20 do Real decreto 1511/1986, do 6 de xuño, sobre ordenación do Boletín Oficial del Estado.

Disposición adicional primeira. *Conta de depósitos e consignacións das seccións de menores das fiscalías.*

1. No marco dos procedementos derivados da aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, existirá unha conta de depósitos e consignacións á disposición das seccións de menores das fiscalías. As persoas autorizadas para a disposición dos seus fondos serán indistintamente o fiscal delegado da xefatura para a sección de menores ou outro fiscal da sección designado polo fiscal xefe.

2. Esta conta levará o nome da Sección de Menores da Fiscalía da Audiencia Nacional ou da fiscalía territorial correspondente, engadíndolle a denominación «conta de depósitos e consignacións», e o seu réxime será o mesmo ca o previsto neste real decreto para as contas de depósitos e consignacións de órganos xudiciais; as referencias que nel se fan ás dilixencias xudiciais deben entenderse feitas igualmente respecto das dilixencias do Ministerio Fiscal.

3. Cando o fiscal lle remita os efectos e pezas ao xulgado ao concluír o expediente, transferiranse as cantidades depositadas na conta da sección de menores á conta do xulgado de menores que deba coñecer del. No suposto de que non proceda a incoación dun expediente, e unha vez que o fiscal resolverse sobre o destino das cantidades ingresadas na conta de depósitos e consignacións, transferirá estas, se procede, ás contas do Tesouro Público que se prevén no artigo 13 ou á conta de fondos provisionalmente abandonados do artigo 14, ou ben as porá á disposición do lexítimo titular na forma prevista no artigo 12.

Disposición adicional segunda. *Conta de depósitos e consignacións das fiscalías no marco das dilixencias de investigación.*

1. No marco das dilixencias de investigación que o Ministerio Fiscal pode tramitar de conformidade co previsto no artigo 5 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se aproba o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, e no artigo 773.2 da Lei de axuízamento criminal, existirá unha conta de depósitos e consignacións á disposición das fiscalías. As persoas autorizadas para a disposición dos seus fondos serán indistintamente o fiscal xefe respectivo ou outro fiscal do cadro de persoal por el designado; poderán estar autorizados tamén os delegados de xefatura das adscricións permanentes que sexan designados polo fiscal xefe.

2. Esta conta levará o nome da fiscalía correspondente engadíndolle a denominación «conta de depósitos e consignacións», e o seu réxime será o mesmo ca o previsto neste real decreto para as contas de depósitos e consignacións de órganos xudiciais; as referencias que nel se fan ás dilixencias xudiciais deben entenderse feitas igualmente respecto das dilixencias do Ministerio Fiscal, na súa actuación no ámbito das dilixencias de investigación.

3. Cando o fiscal conclúa as dilixencias de investigación mediante a presentación dunha denuncia ou querela ante os xulgados, transferirá as cantidades ingresadas á conta de depósitos e consignacións do xulgado decano, e achegaralle posteriormente ao xulgado competente para coñecer da denuncia ou querela o xustificante de ingreso para que lle sexa reclamado polo secretario xudicial competente ao secretario de decanato. No suposto de que as

dilixencias de investigación conclúen cun arquivo, o fiscal transferirá, se procede, as cantidades que se ingresasen, ás contas previstas nos artigos 13 e 14 deste real decreto, ou poráas á disposición de quen resulte lexítimo titular, consonte o previsto no artigo 12.

Disposición adicional terceira. *Contas de depósitos e consignacións dos xulgados de paz.*

1. Os xulgados de paz ou as agrupacións de secretarías de xulgados de paz non disporán dunha conta de depósitos e consignacións aberta de maneira individual ao seu nome. O Ministerio de Xustiza establecerá o dispositivo concreto que se deberá seguir para que estes órganos xudiciais poidan actuar neste ámbito.

2. Os xulgados de paz ou agrupacións de secretarías de xulgados de paz ordenarán que o importe das multas e dos demais pagamentos que deban efectuarse a favor da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos se ingrese na conta especial «Xulgados de paz. Multas», que será única para todo o territorio nacional. A entidade de crédito adxudicataria do servizo fará efectivo o ingreso no Tesouro Público do importe desta conta especial coa periodicidade determinada no prego de bases do procedemento de contratación que se segue para a súa selección.

3. Os xulgados de paz ou as agrupacións de secretarías de xulgados de paz realizarán a xestión das cantidades establecidas en sentenza a través da conta especial «Xulgados de paz. Indemnizacións e outros», que será única para todo o territorio nacional.

4. O Ministerio de Xustiza levará un control dos ingresos e das disposicións de fondos destas contas especiais a través da aplicación informática desenvolvida pola entidade de crédito adxudicataria do contrato.

Disposición adicional cuarta. *Contas de depósitos e consignacións nos órganos da xurisdición militar.*

Este real decreto seralles aplicable aos órganos xudiciais da xurisdición militar, e serán os secretarios relatores os autorizados para a disposición dos fondos que existan nas respectivas contas. As referencias que nel se fan ao secretario xudicial deben entenderse feitas ao secretario relator.

Disposición transitoria primeira. *Depósitos e consignacións na Caixa Xeral de Depósitos.*

Os depósitos e as consignacións xudiciais que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, estean na Caixa Xeral de Depósitos seguiranse rexendo, ata a súa extinción, polo establecido no Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, aprobado polo Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, e as súas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

Disposición transitoria segunda. *Mandados de devolución expedidos.*

Os mandados de devolución expedidos antes de entrar en vigor este real decreto caducarán no prazo de tres meses a partir desta data.

Disposición transitoria terceira. *Ordes de transferencias a contas non xudiciais.*

1. As ordes de transferencia a contas non xudiciais que se emitan con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto xeraranse a través da aplicación informática a que fai referencia o artigo 5, pero non serán automáticas

mentres non se dispoña de medios tecnolóxicos que garantan a súa seguridade e a súa eficacia, e mentres non se diten as oportunas instrucións verbo disto.

2. Ata ese momento, as ordes de transferencia a contas non xudiciais necesitarán da súa entrega na oficina da entidade de crédito para a súa execución.

Disposición transitoria cuarta. *Xulgados de paz ou agrupacións de secretarías de xulgados de paz con conta.*

Os xulgados de paz ou as agrupacións de secretarías de xulgados de paz que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, contén cunha conta de depósitos e consignacións ao seu nome, poderán seguir dispoñendo dela baixo a autorización do Ministerio de Xustiza, e por un tempo máximo de dous anos que se contarán desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria quinta. *Contrato vixente.*

As obrigas impostas neste real decreto á entidade de crédito adxudicataria do contrato de apertura e xestión das contas de depósitos e consignacións xudiciais seranlle aplicables á entidade que no momento da entrada en vigor deste real decreto veña prestando o servizo, mentres estas obrigas non supoñan modificación ou alteración do pacto e isto durante toda a vixencia do contrato.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e expresamente o Real decreto 34/1988, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os pagamentos, depósitos e consignacións xudiciais, e a Orde ministerial do 5 de xuño de 1992, pola que se desenvolve o Real decreto 34/1988, do 21 de xaneiro.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Autorízanse os titulares dos ministerios de Xustiza e de Economía e Facenda para ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Modelos de formularios.*

1. O Ministerio de Xustiza aprobará, mediante unha orde, os modelos de formularios de ingreso, de mandados de pagamento e de ordes de transferencia, así como os requisitos que estas teñen que reunir para a súa correcta recepción, e de cantos instrumentos de pagamento poidan ser admisibles no futuro.

2. Mentres non sexan aprobados os novos modelos de formularios, terán validez e poderán usarse os actualmente vixentes.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos dous meses desde a súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 21 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,

JUAN FERNANDO LÓPEZ AGUILAR

MINISTERIO DE FOMENTO

8346 *REAL DECRETO 547/2006, do 5 de maio, relativo á seguranza das aeronaves de países terceiros que utilizan os aeroportos e outros aeródromos situados en territorio español. («BOE» 113, do 12-5-2006.)*

A Directiva 2004/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa á seguranza das aeronaves de países terceiros que utilizan os aeroportos da Comunidade, establece criterios comúns para a aplicación harmonizada das normas internacionais de seguranza, e para os procedementos de inspección en pista das referidas aeronaves, así como medidas de inmovilización en terra cando sexan detectadas deficiencias graves para a seguranza. Tamén a creación de mecanismos de cooperación entre as autoridades competentes dos Estados membros para intercambiar información nesta materia.

A Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguranza aérea, estableceu o réxime xurídico xeral da inspección aeronáutica, coa finalidade de preservar a seguranza, a orde e a fluidez do tráfico e do transporte aéreo, de acordo cos principios e normas de dereito internacional reguladoras da aviación civil.

En desenvolvemento da citada Lei de seguranza aérea, este real decreto ten por obxecto incorporar ao ordenamento xurídico nacional a Directiva 2004/36/CE, para regular a inspección en pista aplicable ás aeronaves de países terceiros que aterren nos aeroportos e outros aeródromos españois, co fin de velar polo cumprimento, entre outras, das normas internacionais sobre seguranza aérea que recollen os anexos do Convenio sobre aviación civil internacional, feito en Chicago o 7 de decembro de 1944.

Este real decreto establece medidas en relación coa inspección da seguranza operacional das aeronaves de países terceiros e, polo tanto, queda englobado na competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.^a da Constitución en materia de tránsito e transporte aéreo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de maio de 2006,

DISPONGO:

Artigo 1 *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular as inspeccións en pista das aeronaves civís de países terceiros que aterren en aeroportos e outros aeródromos situados en territorio español co fin de establecer e manter un nivel uniforme e elevado de seguranza na aviación civil.

2. O disposto neste real decreto será de aplicación directa ás inspeccións en pista a que se refire o punto anterior, sen prexuízo de calquera outras que leve a cabo a autoridade aeronáutica, ou das medidas que deba adoptar conforme a lexislación vixente sobre seguranza aérea.

3. Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste real decreto as aeronaves adscritas á defensa, as aeronaves de Estado non militares e as aeronaves dunha masa máxima de despegamento inferior a 5.700 kg que non se dediquen a actividades comerciais de transporte aéreo.